



## Proxecto de creación e adecuación dun Centro BTT no Monte Paralaia, no termo municipal de Moaña

NOMBRE AUTOR/A: Brais Boulosa Seoane

NOMBRE DIRECTORES/AS: Xana Álvarez Bermúdez

CURSO 2019/20

No presente proxecto desenvólvense as labores a realizar para acadar a creación e adecuación dun Centro BTT no monte Paralaia, pertencente ao municipio de Moaña. Preténdese establecer unha nova forma de aproveitamento dos recursos deste monte, pódoo en valor e salientando ao mesmo tempo a necesidade de proporcionar un entorno perfectamente acondicionado para a práctica da bicicleta de montaña.

Por medio dos traballos de sinalización, desbroce, acondicionamento, etc. O que se pretende é crear un novo uso do monte enfocado na bicicleta de montaña. Deste modo, o monte volverá a ter un aproveitamento e non caerá no desuso e abandono coa consecuente problemática dos incendios entre outros.



### Que é un centro BTT?

Consiste nun espazo aberto enfocado á práctica segura da bicicleta de montaña, compatibilizándoa con outras actividades.

Este espazo conta cun centro de acollida, lugar onde parten as rutas que estarán sinalizadas e graduadas por dificultade. Tamén cun mapa do conxunto de rutas, información relevante das rutas e fonte de auga.

